



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS PARA A “FINALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE REVISIÓN DA REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS”

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de dirección e coordinación das actuacións en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos exercer, entre outras, as funcións de:

- Definición, programación e execución da política de ordenación do territorio e urbanismo da Xunta de Galicia, así como a elaboración das disposicións que procedan.
- Elaboración de plans, proxectos, estudos e instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo.
- Fomento do planeamento e da actividade urbanística.

2.- Antecedentes.

O polígono de San Cibrao, creado no ano 1965, está situado na localidade ourensá que lle dá o nome, San Cibrao das Viñas, a 10 quilómetros da cidade de Ourense.

Ocupa unha superficie total de 3.250.000 metros cadrados, dos que 2.500.000 metros cadrados se destinan a solo industrial, 293.910 metros cadrados a zonas verdes, 116.400 metros cadrados a superficie social e o resto da superficie destínanse a viarios e aparcadoiro.

Ao longo de todos estes anos fóronse instalando empresas, ata chegar a superar as 320 firmas con actividades como industrias químicas, industrias de transformación da madeira, construción, automoción, industria téxtil e outras actividades.

Ao abeiro do convenio asinado en data de 29 de xuño de 2013, financiouse ao 50% a revisión do citado Plan Especial ata a fase de aprobación inicial coas seguintes achegas:





<u>Anualidades</u>	<u>Importes das achegas</u>	
	<u>Concello</u>	<u>Xunta</u>
2013	19.965,00 €	19.965,00 €
2015	39.930,00 €	39.930,00 €
<u>TOTAIS</u>	<u>59.895,00 €</u>	<u>59.895,00 €</u>

3.- Finalidade

A actuación obxecto do acordo constitúe unha principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e para estes efectos tense previsto formalizar co concello de San Cibrao das Viñas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2017.

O Concello cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

4.- Obxecto

O obxecto do presente Convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de San Cibrao das Viñas para **“finalizar os traballos revisión do Plan Especial do Polígono Industrial no concello de San Cibrao das Viñas”**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

Durante a tramitación do Plan Especial e como consecuencia disto, xurdiu a obrigatoriedade da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Este feito, dada a complexidade da tramitación en paralelo das dúas figuras de planeamento, supuxo un atraso considerable no cumprimento da programación establecida para execución dos traballos e a aprobación definitiva do Plan.

Como queira que para continuar coa tramitación do citado documento ata acadar a súa aprobación definitiva o concello precisa de colaboración financeira para acadar o obxectivo pretendido.

Trátase da colaboración no financiamento dunha actuación en execución, e que ten amparo legal no disposto nos artigos 2.1 b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia e 2.2 b) do seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Dirección Xeral de Ordenación do
Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela



Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2017

Documento asinado dixitalmente por María Encarnación Rivas Díaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

